

REAL DECRETO 216/1999, do 5 de febreiro, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde no traballo no ámbito das empresas de traballo temporal.

O artigo 28 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, relativo ás relacións de traballo temporais, de duración determinada e en empresas de traballo temporal, establece que os traballadores con estas relacións de traballo deberán gozar do mesmo nivel de protección en materia de seguridade e saúde que os restantes traballadores da empresa na que prestan os seus servicios. Para o efecto, no citado artigo establécense os deberes e obrigas de carácter preventivo que corresponden á empresa na que prestan os servicios requiridos e, se é o caso, os que debe asumir a empresa de traballo temporal.

A Directiva 91/383/CEE, do Consello, do 25 de xuño, pola que se completan as medidas tendentes a promover a mellora da seguridade e saúde dos traballadores cunha relación laboral de duración determinada ou de empresas de traballo temporal, sinala que, segundo as investigacións levadas a cabo, a conclusión é que en xeral os traballadores en empresas de traballo temporal están máis expostos que os demais traballadores, en determinados sectores, a riscos de accidentes de traballo ou de enfermidades profesionais, engadindo que os riscos suplementarios citados están relacionados en parte con determinados modos específicos de integración na empresa, e que os devanditos riscos poden diminuírse mediante a información e formación adecuadas desde o comezo da relación laboral.

No caso das empresa de traballo temporal a referencia na Directiva aos modos específicos de integración na empresa supón valorar a peculiar relación triangular que xera o contrato de posta a disposición previsto na Lei 14/1994, do 1 de xuño, polo que se regulan as empresas de traballo temporal, de forma que o traballador contratado por unha empresa de traballo temporal presta os seus servicios no ámbito organizativo dunha empresa distinta, a empresa usuaria, cos seus conseguintes efectos en canto á súa presenza nun ámbito de condicións de traballo, e con iso de riscos laborais, que non é o do seu empresario laboral. É esta circunstancia a que motiva que deban tratarse de forma especial as obrigas de estes dous empresarios, reforzando particularmente as referidas a información e formación, cando con iso se poida favorecer a diminución de riscos, e establecendo medidas para limitar a realización de determinados traballos nos que, pola súa especial perigosidade, a adopción de medidas preventivas doutra índole non garante os adecuados niveis de seguridade.

Nesta liña, a Lei 14/1994, do 1 de xuño, estableceu unhas obrigas concretas de formación a cargo da empresa de traballo temporal e unhas obrigas da empresa usuaria en materia de protección da seguridade e a saúde dos traballadores, así como de información a estes sobre os riscos do posto de traballo a desenvolver e sobre as medidas de prevención e protección a aplicar. Pola súa parte, o Real Decreto 4/1995, do 13 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei anteriormente citada, formalizou as obrigas de información como parte integrante do contido dos contratos de posta a disposición e dos propios contratos de traballo temporais e ordes de servicio dos traballadores contratados. Finalmente, o artigo 8 da Lei 14/94 citada estableceu a imposibilidade de celebrar contratos de posta a disposición para a realización daquelas actividades e traballos nos que así se determina regulamentariamente, en razón da súa especial perigosidade.

Co obxecto de integrar e desenvolver os devanditos principios legais, tendo en conta igualmente o contido da indicada Directiva 91/383/CEE, resulta necesario concretar, mediante este Real Decreto, as medidas necesarias para a execución dos deberes e obrigas específicos das empresas de traballo temporal e das empresas usuarias na contratación e desenvolvemento deste tipo de traballo, para garantir o dereito dos traballadores ao mesmo nivel de protección da súa seguridade e saúde que os restantes traballadores da empresa na que prestan os seus servicios, así como establecer a relación de

actividades e traballos que, en razón da súa especial perigosidade, deben quedar excluídos da celebración de contratos de posta a disposición.

Na súa virtude, de conformidade co disposto no artigo 6.1.f) da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, e no artigo 8.b) da Lei 14/1994, do 1 de xuño, pola que se regulan as empresas de traballo temporal, a proposta do Ministro de Traballo e Asuntos Sociais, consultadas as organizacións empresariais e sindicais máis representativas, oída a Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo, de acordo co Consello de Estado e previa deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 5 de febreiro de 1999,

DISPÕÑO:

Artigo 1.- Obxecto e ámbito de aplicación.

1.- Este Real Decreto establece, no marco da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, as disposicións específicas mínimas de protección da seguridade e saúde dos traballadores contratados polas empresas de traballo temporal reguladas pola Lei 14/1994, do 1 de xuño, para ser postos a disposición de empresas usuarias, co obxecto de lles garantir a estes traballadores, calquera que sexa a súa modalidade de contratación, o mesmo nivel de protección que aos restantes traballadores da empresa na que prestan os seus servizos, así como determinar as actividades e traballos nos que, en razón da súa especial perigosidade, non poderán celebrarse contratos de posta a disposición.

2.- As disposicións do Real Decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención, aplicaranse plenamente no ámbito ao que se refire o apartado anterior, sen prexuízo das disposicións específicas previstas neste Real Decreto.

Artigo 2.- Disposicións relativas á celebración do contrato de posta a disposición.

1.- Con carácter previo á celebración do contrato de posta a disposición, a empresa usuaria deberá informar á empresa de traballo temporal sobre as características propias do posto de traballo e das tarefas a desenvolver, sobre os seus riscos profesionais e sobre as aptitudes, capacidades e cualificacións profesionais requiridas, todo isto desde o punto de vista da protección da saúde e a seguridade do traballador que vaia ser contratado e dos restantes traballadores da empresa usuaria. Para o efecto, a celebración dun contrato de posta a disposición só será posible para a cobertura dun posto de traballo respecto do que se realizase previamente a preceptiva avaliación de riscos laborais, conforme ao disposto nos artigos 15.1.b e 16 da Lei de Prevención de Riscos Laborais e no capítulo II do Regulamento dos Servizos de Prevención.

2.- A información á que se refire o apartado anterior deberá incluír necesariamente os resultados da avaliación de riscos do posto de traballo a cubrir, con especificación dos datos relativos a:

a) Riscos laborais de carácter xeral existentes no centro de traballo e que puidesen afectar ao traballador, así como os específicos do posto de traballo a cubrir.

b) Medidas de prevención a adoptar en relación cos riscos xerais e específicos que puideran afectar ao traballador, con inclusión da referencia aos equipos de protección individual que teña que utilizar e que serán postos á súa disposición.

c) Formación en materia de prevención de riscos laborais que debe posuír o traballador.

d) Medidas de vixilancia da saúde que deben adoptarse en relación co posto de traballo a desempeñar, especificando se, de conformidade coa normativa aplicable, as devanditas medidas teñen carácter obrigatorio ou voluntario para o traballador, e a súa periodicidade.

3.- As informacións previstas nos apartados 1 e 2 deste artigo deberán incorporarse en todo caso ao contrato de posta a disposición.

Artigo 3.- Disposicións relativas á celebración do contrato de traballo.

1.- Para a execución do contrato de posta a disposición, a empresa de traballo temporal deberá contratar ou asignar o servizo a un traballador que reúna o poida reunir, se é o caso, previa a formación á que se refire o apartado 3 deste artigo, os requisitos previstos neste en materia de prevención de riscos laborais, asegurándose da súa idoneidade ao respecto.

2.- Os traballadores a que se refire o apartado anterior deberán ser informados previamente pola empresa de traballo temporal de toda a información recibida da empresa usuaria en cumprimento do artigo 2. As devanditas informacións incorporaranse igualmente ao contrato de traballo de duración determinada ou orde de servizo, se é o caso.

3.- A empresa de traballo temporal deberá asegurarse de que o traballador, previamente á súa posta a disposición da empresa usuaria, posúe a formación teórica e práctica en materia preventiva necesaria para o posto de traballo a desempeñar.

Para isto, comprobará de certo que a formación do traballador é a requirida e que se encontra actualizada e adaptada á evolución dos equipos e métodos de traballo e ao progreso dos coñecementos técnicos. No caso contrario, deberá facilitar previamente a devandita formación ao traballador, con medios propios ou concertados, durante o tempo necesario, que formará parte da duración do contrato de posta a disposición pero será previo, en todo caso, á prestación efectiva dos servizos.

Se resultase necesario un especial adestramento en materia preventiva no posto de traballo, esta parte da formación poderá realizarse pola empresa de traballo temporal na propia empresa usuaria, antes do comezo efectivo do traballo. Esta formación poderá ser tamén impartida pola empresa usuaria, con cargo á empresa de traballo temporal, previo acordo escrito entre ambas as empresas.

4.- Os traballadores postos a disposición teñen dereito á vixilancia periódica da súa saúde a cargo da empresa de traballo temporal nos termos previstos no artigo 22 da Lei de Prevención de Riscos Laborais e no artigo 37.3 do Regulamento dos Servizos de Prevención, tendo en conta as características do posto de traballo a desenvolver, os resultados da avaliación de riscos realizada pola empresa usuaria e canda información complementaria sexa requirida polo médico responsable.

5.- A empresa de traballo temporal deberá acreditar documentalmente á empresa usuaria que o traballador posto á súa disposición recibiu as informacións relativas aos riscos e medidas preventivas, posúe a formación específica necesaria e conta cun estado de saúde compatible co posto de traballo a desenvolver.

Esta documentación estará igualmente a disposición dos delegados de prevención ou, no seu defecto, dos representantes legais dos traballadores na empresa de traballo temporal, e das persoas ou órganos con competencia en materia preventiva na dita empresa.

Artigo 4.- Obrigas da empresa usuaria previas ao inicio da prestación de servizos do traballador.

1.- A empresa usuaria deberá acadar a información necesaria da empresa de traballo temporal para asegurarse de que o traballador posto á súa disposición reúne as seguintes condicións:

a) Foi considerado apto a través dun adecuado recoñecemento do seu estado de saúde para a realización dos servizos que deba prestar nas condicións nas que deban ser efectuados, de conformidade co dispostos no artigo 22 da Lei de Prevención de Riscos Laborais e no artigo 37.3 do Regulamento dos Servizos de Prevención.

b) Posúe as cualificacións e capacidades requiridas para o desempeño das tarefas que lle sexan encomendadas nas condicións nas que deban efectuarse e conta coa formación necesaria, todo iso en relación coa prevención de riscos aos que poida estar exposto, nos termos previstos no artigo 19 da Lei de Prevención de Riscos Laborais e nas súas disposicións de desenvolvemento.

c) Recibiu as informacións relativas ás características propias dos posto de traballo e das tarefas a desenvolver, ás cualificacións e aptitudes requiridas e aos resultados da avaliación de riscos ás que fai referencia o artigo 2 deste Real Decreto.

Igualmente, a empresa usuaria informará ao traballador posto á súa disposición dos riscos existentes para a súa saúde e seguridade, tanto daqueles que concorran de maneira xeral na empresa como dos específicos do posto de traballo e tarefas a desenvolver, e das correspondentes medidas e actividades de prevención e protección, en especial no relativo ás posibles situacións de emerxencia.

2.- A empresa usuaria non permitirá o inicio da prestación de servizos nesta dun traballador posto á súa disposición ata que non teña constancia do cumprimento das obrigas do apartado 1 anterior.

3.- A empresa usuaria informará aos delegados de prevención ou, no seu defecto, aos representantes legais dos seus traballadores, da incorporación de todo traballador posto a disposición por unha empresa de traballo temporal, especificando o posto de traballo a desenvolver, os seus riscos e medidas preventivas e a información e formación recibidas polo traballador. O traballador poderá dirixirse a estes representantes no exercicio dos seus dereitos recoñecidos neste Real Decreto e, en xeral, no conxunto da lexislación sobre prevención de riscos laborais.

A información á que se refire o parágrafo anterior será igualmente facilitada pola empresa usuaria ao seu servizo de prevención ou, se é o caso, aos traballadores designados para o desenvolvemento das actividades preventivas.

Artigo 5.- Obrigas da empresa usuaria desde o inicio da prestación de servizos do traballador.

1.- A empresa usuaria será responsable das condicións de execución do traballo dos traballadores postos á súa disposición por unha empresa de traballo temporal en todo o relacionado coa protección da súa saúde e seguridade, asegurándolles o mesmo nivel de protección que aos restantes traballadores da empresa.

2.- Nos supostos de coordinación de actividades empresariais aos que se refire o artigo 24 da Lei de Prevención de Riscos Laborais, deberá terse en conta a incorporación en calquera das empresas concorrentes de traballadores postos a disposición por unha empresa de traballo temporal.

3.- Co fin de que a empresa de traballo temporal poida cumprir adecuadamente as súas obrigas en materia de vixilancia periódica da saúde dos traballadores postos a disposición, a empresa usuaria informará a esta dos resultados de toda avaliación dos riscos a que estean expostos os devanditos traballadores, coa periodicidade requirida. Esta información deberá comprender, en todo caso, a determinación da natureza, o grado e a duración da exposición dos traballadores a axentes, procedementos ou condicións de traballo que poidan influír negativamente na súa saúde, ou que poidan ser relevantes de cara a valorar posteriores incorporacións do traballador a esta ou diferente empresa usuaria.

Artigo 6.- Disposicións relativas á organización das actividades preventivas na empresa de traballo temporal e na empresa usuaria.

1.- As empresas de traballo temporal deberán organizar os seus recursos para o desenvolvemento das actividades preventivas en relación cos seus traballadores, incluídos os traballadores contratados para seren postos a disposición de empresas usuarias, conforme ás disposicións do capítulo III do Real Decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención. Para determinar a modalidade de organización que deba utilizarse e os medios e recursos necesarios para a devandita actividade, os traballadores contratados con carácter temporal para ser postos a disposición de empresas usuarias computaranse polo termo medio mensual de traballadores en alta durante os últimos doce meses.

2.- As empresas usuarias contabilizarán o termo medio mensual de traballadores postos á súa disposición por empresas de traballo temporal nos últimos doce meses, co fin de determinar os medios,

recursos e modalidades de organización das súas actividades de prevención conforme ao disposto no capítulo III do Regulamento dos Servicios de Prevención.

3.- Sen prexuízo das funcións e responsabilidades da empresa de traballo temporal na organización das actividades preventivas, os traballadores postos a disposición dunha empresa usuaria poderán dirixirse en todo momento aos traballadores designados ou aos servicios de prevención existentes na empresa usuaria, en igualdade de condicións que os restantes traballadores desta.

Os traballadores designados ou, se é o caso, os servicios de prevención da empresa de traballo temporal e da empresa usuaria deberán coordinar as súas actividades a fin de garantir unha protección adecuada da saúde e seguridade dos traballadores postos a disposición. En particular, deberá transmitirse calquera información relevante para a protección da saúde e a seguridade destes traballadores, sen prexuízo do respecto á confidencialidade da información médica de carácter persoal á que se refire o artigo 22 da Lei de Prevención de Riscos Laborais.

Artigo 7.- Documentación.

1.- A documentación relativa ás informacións e datos aos que se refire este Real Decreto será rexistrada e conservada tanto pola empresa de traballo temporal como pola empresa usuaria, nos termos e para os fins previstos no artigo 23 da Lei de Prevención de Riscos Laborais.

2.- A empresa usuaria estará obrigada a informar por escrito á empresa de traballo temporal de todo dano para a saúde do traballador posto á súa disposición que se producise con motivo do desenvolvemento do seu traballo, a fin de que aquela poida cumprir, nos prazos e termos establecidos, coa obriga de notificación á que se refire o apartado 3 do artigo 23 da Lei de Prevención de Riscos Laborais. En caso de incumprimento por parte da empresa usuaria desta obriga de información, a devandita empresa será a responsable dos efectos que se deriven do incumprimento pola empresa de traballo temporal da súa obriga de notificación.

3.- Na notificación pola empresa de traballo temporal á autoridade laboral dos danos producidos na saúde dos traballadores postos a disposición deberá facerse constar, en todo caso, o nome ou razón social da empresa usuaria, o seu sector de actividade e a dirección do centro ou lugar de traballo no que se producise o dano.

Artigo 8.- Actividades e traballos de especial perigosidade.

De conformidade co disposto no artigo 8, parágrafo b), da Lei 14/1994, do 1 de xuño, pola que se regulan as empresas de traballo temporal, non se poderán celebrar contratos de posta a disposición para a realización dos seguintes traballos en actividades de especial perigosidade:

a) Traballos en obras de construción aos que se refire o anexo II do Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción.

b) Traballos de minería a ceo aberto e de interior aos que se refire o artigo 2 do Real Decreto 1389/1997, do 5 de setembro, polo que se aproban as disposicións mínimas destinadas a protexer a seguridade e a saúde dos traballadores nas actividades mineiras, que requiran o uso de técnica mineira.

c) Traballos propios das industrias extractivas por sondaxes en superficie terrestre ás que se refire o artigo 109 do Regulamento Xeral de Normas Básicas de Seguridade Mineira, modificado polo Real Decreto 150/1996, do 2 de febreiro.

d) Traballos en plataformas mariñas.

e) Traballos directamente relacionados coa fabricación, manipulación e utilización de explosivos, incluídos os artigos pirotécnicos e outros obxectos ou instrumentos que conteñan explosivos, regulados polo Regulamento de explosivos, aprobado polo Real Decreto 230/1998, do 16 de febreiro.

f) Traballos que impliquen a exposición a radiacións ionizantes en zonas controladas segundo o Real Decreto 53/1992, do 24 de xaneiro, sobre protección sanitaria contra radiacións ionizantes.

g) Traballos que impliquen a exposición a axentes canceríxenos, mutaxénicos ou tóxicos para a reprodución, de primeira e segunda categoría, segundo o Real Decreto 363/1995, do 10 de marzo, que aproba o Regulamento sobre notificación de substancias novas e clasificación, envasado e etiquetado de substancias perigosas, e o Real Decreto 1078/1993, do 2 de xullo, sobre clasificación, envasado e etiquetado de preparados perigosos, e as súas respectivas normas de desenvolvemento e de adaptación ao progreso técnico.

h) Traballos que impliquen a exposición a axentes biolóxicos dos grupos 3 e 4, segundo o Real Decreto 664/1997, do 12 de maio, sobre protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes biolóxicos durante o traballo, así como as súas normas de modificación, desenvolvemento e adaptación ao progreso técnico.

i) Traballos con riscos eléctricos en alta tensión.

Disposición final única. Facultades de desenvolvemento.

Autorízase ao Ministro de Traballo e Asuntos Sociais a dictar, previo informe da Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo, cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación e desenvolvemento deste Real Decreto.

[Publicado no BOE núm. 47, do 24 de febreiro de 1999]